



Concello de Campo Lameiro

EXPEDIENTE 123: 2020

ASUNTO: REGULACION DE LA ADMINISTRACION MUNICIPAL TRALA DECLARACION DO ESTADO DE ALARMA.

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

RESOLUCION DA ALCALDIA

Visto o Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo polo que se declara o estado de ALARMA para a xestión da situación de crise sanitaria motivada ó COVID-19.

Vista a Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Vista a necesidade de regular os servizos mínimos durante o transcurso deste estado de alarma que aseguren a prestación dos servizos municipais, respetando en todo momento a saúde pública e o benestar tanto dos traballadores municipais coma da veciñanza.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Establecer a seguinte organización dos servizos mínimos municipais:

1. Administración Xeral: Queda suspendida a atención ó público nas dependencias municipais.

Atenderanse casos de extrema urxencia e necesidade, previa cita telefonica, ou a través de enderezo electrónico.

Os prazos para todos os trámites administrativos quedan suspendidos.

Realizarase quendas semanais de ata dúas persoas, en horario de 9.00 a 14:00 entre os/as traballadores/as das oficinas.

A AEDL, o xefe de negociado de intervención e a secretaria interventora prestarán o seu servizo mediante teletraballo e con plena dispoñibilidade ante necesidades dos servizos.

2. Xulgado de Paz e Rexistro Civil: Servizo de garda telefónica de 9.00 a 12:00 horas para a atención das demandas de carácter urxente relativas a licenzas de enterramento, inscricións principais de nacementos e fés de vida, as cales serán solicitadas previamente por vía telefónica.

3. Servizos Sociais: A traballadora social prestará o seu servizo mediante teletraballo e con plena dispoñibilidade ante necesidades de servizo e/ou emerxencias.

4. Servizos de Deporte, Cultura, Aula CeMit e Urbanismo. Quedan suspendidos os servizos.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 3MGSRLDQJ5MM3FTZH45L.GPP | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Campo Lameiro

Na medida do posible os servizos se prestarán mediante teletraballo e con dispoñibilidade para a atención de emerxencias e eventualidades.

5. Operarios de servizos: O Sr. Alcalde coordinará en todo momento os servizos municipais e daraselle traslado por parte dos traballadores, das distintas incidencias que poidan acontecer ao longo da xornada diaria, co fin de levar a cabo as posibles alteracións da organización contida na presente resolución, así coma para a adopción das medidas que se estimen oportunas para asegurar a necesaria prestación dos servizos.

Os operarios municipais atenderán as súas labores, con carácter individual.

En xeral, todos/as os/as traballadores/as deberán estar dispoñibles no seu horario habitual de traballo e prestar, na medida do posible, as súas funcións diarias mediante a modalidade de teletraballo.

Se algún precisase acudir ao concello a recoller documentación para a tramitación ordinaria dos procedementos, deberán acudir a recollelo exclusivamente, e polo menor tempo necesario.

Os servizos pasaran a prestarse nas seguintes quendas:

** Recollida lixo: os/as traballadores asignados ó servizo o realizarán de forma exclusiva, e coa periodicidade xa establecida.

** Limpeza: Se establecen quendas alternas para manter o servizo de limpeza e desinfección por parte das tres traballadoras de servizo, nas seguintes instalacións:

Casa do Concello: Luns, mércores e venres.

Centro de saúde de A Chanciña: Todos os días.

CEIP Pedro A. Cerviño e Escola Infantil: 1 veces á semana.

Biblioteca Irmáns Ricoi: 1 vez á semana.

** Servizos: Se establece unha quenda semanal alterna, con duos/duas traballadores/as para a atención de servizos.

SEGUNDO.- A vixencia da organización contida na presente resolución será de 15 días, podendo ser prorrogada e/ou adaptada segundo o esixan as circunstancias, así como as instrucións e normativa que se acorde polo Goberno de España.

TERCEIRO.- Queda suspendida a convocatoria e celebración de Plenos, Xuntas de Goberno e Comisións informativas, salvo casos de urxencia, emerxencia, debidamente xustificadas.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución a todos/as os/as traballadores/as mediante a súa publicidade no Taboleiro de Anuncios e nos canais de difusión interna do concello

Mándao e asínao, en Campo Lameiro, o alcalde, D. Carlos Costa Domínguez, do que eu como secretaria dou fé.

O alcalde,
Asdo. Carlos Costa Domínguez

A secretaria-interventora,
Asdo. Mercedes González Budiño

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 3MGSRLDQJSM3FTZ345LGP | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2